



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE I+D+i 2025- 2026

Santiago de Compostela, [data da súa sinatura dixital]

### REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte, Ricardo José Cao Abad, reitor magnífico da Universidade da Coruña (UDC), nomeado mediante o Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro de 2024), en representación desta, e en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 36 do Decreto 101/2004, do 13 de maio, polo que se aproban os seus Estatutos (DOG núm. 100 do 26 de maio).

Interveñen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo mutua e reciprocamente lexitimación e capacidade para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

### EXPOÑEN



PRIMEIRO.- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en adiante, a Consellería) é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades así como a coordinación do sistema universitario, tal e como se lle atribúen no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia, e se especifica no Decreto 138/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio de 2024), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería, de acordo coas competencias que lle atribúe o Decreto 138/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica da Consellería. Entre as súas competencias correspóndelle a promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG) para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- As universidades que integran o Sistema universitario de Galicia (SUG) son entidades que forman parte do sector público institucional e que realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configuran como unha das principais axentes xeradoras de coñecemento en Galicia.

En Galicia, a universidade pública é o lugar onde máis se investiga. O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e, por iso, é necesario fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura da calidade e eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na



totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.

CUARTO.- A Universidade da Coruña (UDC) é unha institución pública, dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propios, que asume as súas funcións como servizo público, gozando de autonomía con ese fin, no marco da Constitución e das leis.

A UDC realiza actividades de docencia, de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e de transferencia do coñecemento, o que a configura, xunto coas demais universidades do SUG, como unha das principais axentes xeradoras de coñecemento en Galicia.

QUINTO.- Na actualidade, a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, ven amosando unha mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación coma pola mellora da súa calidade.

Compre, polo tanto, contar cun conxunto de medidas e accións concretas a desenvolver por actores específicos para mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

SEXTO.- O Horizonte Europa (HE) 2021-2027 é o programa marco de Investigación e Innovación da UE para reforzar as súas bases científicas e o Espazo Europeo de Investigación; impulsar a capacidade de innovación, a competitividade e o emprego en Europa; e cumprir coas prioridades da cidadanía, así como soste os nosos valores e o modelo socio-económico. O programa está baseado en tres piares: Ciencia excelente, Desafíos mundiais e competitividade industrial europea, e Europa innovadora. Sobres estes piares debe fundamentarse o apoio á investigación e á innovación.



A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

O presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Así mesmo, contribúe aos obxectivos estratéxicos 1 e 5, integrándose, polo tanto, nos programas Integra e Posiciona da RIS3 de Galicia e, respectivamente, nos programas Coñecemento e Posicionamento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

SÉTIMO.- Con cargo aos orzamentos de investigación da Consellería, cada ano iníciase accións encamiñadas a financiar a investigación universitaria, xa sexa mediante convocatorias de concorrencia competitiva ou convenios de colaboración.

En consecuencia, a Consellería vén negociando coas Universidades do SUG, a sinatura de convenios de colaboración, co fin de apoiar as súas estratexias de investigación. Estes convenios establécense en función das necesidades e peculiaridades específicas de cada unha delas, podendo ter carácter anual ou plurianual, dependendo das propias características das actividades financiadas ou das necesidades conxunturais de cada universidade.

Polo tanto, as actuacións en I+D+i que se recollen nos distintos convenios responden a finalidades concretas e diferenciadas, aínda que algunhas destas accións poidan dar continuidade a outras xa iniciadas con anterioridade.

OITAVO.- O 19 de outubro do ano 2023 asinouse un "Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2023-2024", que tivo unha addenda asinada o 15 de outubro de 2024.



NOVENO.- Para garantir a produción dunha investigación de calidade por parte do sistema galego de I+D+i é esencial contar con estratexias e estruturas eficaces que xeren unha contorna favorable á investigación e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica; para elo, a Universidade da Coruña presenta en maio de 2025, a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, un programa de necesidades da súa actividade investigadora, co fin de desenvolver accións de mellora en diferentes aspectos. A partir da situación actual, a Consellería considera necesario impulsar accións de ordenación, estruturación e potenciación da investigación.

Para os anos 2025 e 2026 é necesario continuar con aquelas actuacións que están a ter un gran impacto non só dentro do ámbito universitario senón na sociedade como é o progreso desta universidade.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- **Obxecto**

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a UDC para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica.

O orzamento será de 5.799.511,73 €, distribuídos nas anualidades 2025 e 2026, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:



ANEXO I: CADRO ECONÓMICO			
Epígrafe	2025	2026	TOTAL
<b>1. Reforzo, integración e consolidación das estruturas centralizadas de I+D+i da UDC</b>	<b>360.000,00 €</b>	<b>570.000,00 €</b>	<b>930.000,00 €</b>
a. Gobernanza, coordinación e estruturación estratéxica	50.000,00 €	100.000,00 €	150.000,00 €
b. Captación e retención do talento	65.000,00 €	125.000,00 €	190.000,00 €
c. Internacionalización da I+D+i	50.000,00 €	100.000,00 €	150.000,00 €
d. Transferencia, protección e valorización dos resultados da investigación	75.000,00 €	125.000,00 €	200.000,00 €
e. Consultaría, auditoría e acreditación de estruturas de I+D+i e asistencia técnica en solicitude e xustificación de proxectos	120.000,00 €	120.000,00 €	240.000,00 €
<b>2. Centros de investigación, soporte e especialización da I+D+i</b>	<b>1.229.673,17 €</b>	<b>1.988.138,56 €</b>	<b>3.217.811,73 €</b>
a. Coordinación e harmonización Centros de Investigación	82.500,00 €	165.000,00 €	247.500,00 €
i. REDCIDI	50.000,00 €	100.000,00 €	150.000,00 €
ii. AXD	32.500,00 €	65.000,00 €	97.500,00 €
b. Centros de investigación propios	265.000,00 €	415.000,00 €	680.000,00 €
Centros CIGUS			
i. CICA	60.000,00 €	140.000,00 €	200.000,00 €
ii. CITIC	115.000,00 €	115.000,00 €	230.000,00 €
Centros colaborativos			
iii. CITEEC	50.000,00 €	100.000,00 €	150.000,00 €
Centros con potencial de acreditación			
iv. CITENI	40.000,00 €	60.000,00 €	100.000,00 €
c. Estratexia de especialización	85.000,00 €	150.000,00 €	235.000,00 €
i. Accións nos campus de especialización	15.000,00 €	15.000,00 €	30.000,00 €
ii. Emerge	45.000,00 €	85.000,00 €	130.000,00 €
iii. Soporte estrutural CEMI	25.000,00 €	50.000,00 €	75.000,00 €
d. Proxectos disruptivos	100.000,00 €	200.000,00 €	300.000,00 €
e. Adquisición de material de funcionamento e infraestrutura científico-técnica	250.000,00 €	80.000,00 €	330.000,00 €
f. Cofinanciamento dos investimentos concedidos en convocatoria do Subprograma Estatal de infraestruturas e equipamento científico-técnico	447.173,17 €	978.138,56 €	1.425.311,73 €
i. Plataforma de Citometría de Fluxo: Citómetro Analizador e Citómetro Separador (Sorter)	394.722,09 €	0,00 €	394.722,09 €
ii. Analizador elemental para a determinación de CHNS e O	52.451,08 €	0,00 €	52.451,08 €
iii. Unidade Sensorizada de Estudo vexetal - Invernadoiro dixital	0,00 €	381.262,80 €	381.262,80 €
iv. Sistema de microscopía de raios X 3D de alta resolución	0,00 €	596.875,76 €	596.875,76 €
<b>3. Innovación educativa e dixitalización da I+D+i</b>	<b>978.350,00 €</b>	<b>453.350,00 €</b>	<b>1.431.700,00 €</b>



a. SIGMA Academics	600.000,00 €	0,00 €	600.000,00 €
b. Automatización procesos internos xestión	100.000,00 €	150.000,00 €	250.000,00 €
c. Selo calidade graos e mestrado	278.350,00 €	303.350,00 €	581.700,00 €
<b>4. Fortalecemento e proxección institucional en materia de I+D+i</b>	<b>80.000,00 €</b>	<b>140.000,00 €</b>	<b>220.000,00 €</b>
a. Adecuación técnica e acreditación en ámbitos especializados da I+D+i	60.000,00 €	100.000,00 €	160.000,00 €
b. Promoción, comunicación e divulgación da I+D+i	20.000,00 €	40.000,00 €	60.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.648.023,17 €</b>	<b>3.151.488,56 €</b>	<b>5.799.511,73 €</b>

## SEGUNDA.- Actuacións

As accións contempladas neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración en I+D+i (4) coa Universidade da Coruña para o período 2025-2026, tal e como se detallan a continuación:

### 1. Reforzo, integración e consolidación das estruturas centralizadas de I+D+i da UDC

Esta liña busca dar apoio ás oficinas técnicas e de xestión da UDC en materia de I+D+i para o fomento e impulso da investigación de calidade baseado na captación e retención de talento investigador, o incremento da produción científica, o crecemento en materia de captación de fondos (especialmente de orixe internacional), e a transferencia e valorización dos resultados das labores dos investigadores e investigadoras da Universidade.

O asesoramento especializado por parte do persoal das oficinas técnicas e de xestión favorecen a toma de decisións informadas dos axentes de I+D+i (investigadores/as, xestores/as e cadros de mando), incrementando a taxa de éxito en convocatorias competitivas e tratando, en todo caso, de maximizar o impacto da investigación universitaria na sociedade. Nesta liña realizaranse investimentos nas seguintes áreas.

#### 1a. Gobernanza, coordinación e estruturación estratéxica

Durante o pasado exercicio fíxose unha análise do rendemento das distintas oficinas de promoción da I+D+i e, a partires de xaneiro de 2025, formulouse unha nova estrutura que se detalla mais adiante. O crecemento na actividade dalgunha oficina, incluíndo a consecución de proxectos competitivos que se deben executar, ou novas atribucións, esixe nalgúns casos reforzos de estrutura.

Como consecuencia, a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia (en adiante VIT) está a desenvolver un ambicioso traballo de estruturación de todas as capacidades da universidade en materia de I+D+i. O obxectivo é propor un traballo coordinado, que



permita despregar a estratexia *i<sup>2</sup>UDC*, de tal xeito que impacte de maneira notable nos indicadores de desempeño da universidade.

A estratexia parte dun intenso diálogo coas persoas investigadoras, que sinalan as dificultades con que se atopan no eido da xestión da investigación. En concreto, as demandas mais habituais son:

- As persoas investigadoras teñen moita carga de xestión, o que desincentiva a petición de proxectos.
- É difícil entender o sistema de oficinas de xestión da UDC, que están moi fragmentadas e non ofrecen unha visión global da oferta do ciclo de xestión dun proxecto.

Para poder responder a estas demandas é preciso coordinar as oficinas e ofrecer xanelas de entrada claras ás persoas investigadoras. O programa *i<sup>2</sup>UDC* basease nas demandas indicadas e proporciona integración e claridade, ademais de asumir a maioría das tarefas de xestión vencellada á investigación, co obxectivo de que as persoas investigadoras poidan adicar o seu tempo a investigar.

Os cambios realizados apostan por esta liña integrada. Neste sentido destaca a agrupación de capacidades funcionais en oficinas independentes pero interrelacionadas nun esquema compartido: a Oficina de Coordinación de Centros e Unidades de Investigación (REDCIDI), a Oficina de Captación de Persoal Investigador (OCPI), a Oficina de Proxectos Internacionais (OPI), e a Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC). Compre destacar tamén a integración de unidades que antes estaban en outras vicerreitorías e que se trasladan á de Investigación e Transferencia polo seu ámbito de traballo. Neste punto destaca a incorporación da Unidade de Análise de Xestión de Datos (AXD) cuxa integración en VIT a fai máis próxima aos indicadores de rendemento da I+D+i en xeral, e dos Centros de Investigación en particular. Por outra banda neste organigrama cobra especial relevancia o Equipo de Xestión da Investigación (EXI), constituído como unha unidade transversal da xestión técnica global da I+D+i.

A reestruturación das oficinas de xestión e o cambio de organigrama xerou tamén cambios na estrutura de persoal. Un exemplo é a promoción dunha persoa inicialmente integrada na OCPI cara á dirección da OPI (dende outubro do 2024), apostando por un baixo o paraugas do programa *i<sup>2</sup>UDC* por un esquema de profesionalización e optimización das fortalezas do persoal.

Esta visión da VIT permite deseñar programas integrados de reforzo e de mellora de capacidades como o recén creado programa [AGRUPA](#) (aprobado en Comisión de Investigación o 13 de xaneiro de 2025) que involucra ao conxunto da unidades e oficinas da VIT nun esforzo compartido e común e que se alia de xeito claro coas políticas autonómicas de fomento da I+D+i.

No mesmo senso, estase a definir un novo programa chamado CONECTA para valorizar os resultados de investigación, mediante o contacto con empresas. AGRUPA



e CONECTA son os dous primeiros resultados de **I<sup>2</sup>UDC**, o sistema integrado de promoción da I+D+i, orientados respectivamente á optimización interna e á proxección externa.

Así como AGRUPA e CONECTA son programas que integran a varias oficinas, hai outros programas que traballan en ámbitos específicos e que permiten acceder a fondos para o mellor desempeño de funcións concretas. Neste campo podemos citar o programa [UDC-Connect](#) e o seu programa asociado [STARS4UDC](#), financiado pola Agencia Estatal de Investigación do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, a través da súa *Convocatoria de axudas públicas para a preparación e xestión de proxectos europeos, facilitando así a captación de talento internacional en institucións de I+D*.

Para rematar esta nova organización funcional é necesaria a reestruturación de espazos e persoal vencellado a estas oficinas, o agrupamento nun edificio no Campus de Elviña (o ESCI) onde se concentran os servizos de atención a investigadores/as e o traballo con consultores externos que son claves nestes procesos.

Todo este traballo interconecta, ademais, coas unidades especializadas en ámbito temático que están presentes en cada un dos centros de investigación da UDC, tanto aqueles co recoñecemento de Centros CIGUS ou Colaborativos como de aqueles outros que aínda non contan con ese recoñecemento. Dende esta área prestarase apoio ás unidades particulares de cada centro para que continúen co seu desenvolvemento autónomo.

### 1b. Captación e retención do talento

A UDC está comprometida coa captación e retención do talento, en particular a través dos labores da **Oficina de Captación de Persoal Investigador (OCPI)**, entendendo o capital humano como forza motriz do desenvolvemento da I+D+i. A OCPI coordina a estratexia institucional de atracción e retención de talento, en sinerxía co resto de estruturas de xestión internas e oficinas da Universidade.

Durante o bienio 2025/2026, defínense catro obxectivos principais para a OCPI:

- Posicionar a UDC como institución de referencia en acollida e retención de talento en Galicia a través dun plan de estratexia actualizado anualmente e aliñado coas áreas científicas prioritarias da Universidade e dos seus centros de investigación.
- Identificar e atraer persoal investigador alleo para o desenvolvemento da súa carreira na UDC, mantendo un equilibrio de xénero e diversidade. Na mesma liña, búscase recoñecer o persoal investigador interno emerxente con potencial para participar en convocatorias de excelencia.
- Ofertar un servizo de asesoramento técnico ao persoal investigador, individualizado e cun enfoque holístico, para a preparación propostas de





ciencia excelente en convocatorias internacionais (ERC, MSCA...) coma nacionais (RyC, Beatriz Galindo, ATRAE...).

- Desenvolver un servizo de atención integral para o persoal investigador internacional que se incorpore á UDC a través do [Programa UDC-Connect](#), unha iniciativa destinada a asegurar a integración do persoal investigador internacional que se una á nosa universidade.

É importante destacar os éxitos recentes en convocatorias como RyC, ATRAE, e un número importante de finalistas nas distintas categorías do programa ERC, que poden materializarse como éxitos nos vindeiros meses. A atracción de talento, estratexia completamente aliñada cos obxectivos da SXU, debe ser potenciada con persoal adicional, xa que é unha labor que esixe moito traballo relacional e de colaboración en mellora de propostas. A integración na [Universidade Europea EMERGE](#), tras a sinatura do Grant Agreement en setembro do ano 2024 e cun ámbito temporal de 4 anos, supón un incremento volumétrico e cualitativo neste ámbito de traballo, xa que as oficinas con proxección internacional teñen que dedicar esforzos a xerar un sistema de captación orientado aos obxectivos específicos de EMERGE, ademais da súa labor cotiá. É importante subliñar que a UDC é líder do paquete de traballo de investigación de EMERGE, e ten polo tanto a responsabilidade de definir as políticas e os procedementos da Universidade europea no ámbito de captación, e tamén no ámbito da promoción de proxectos.

O impacto do traballo desenvolvido pola OCPI é notable e está xa apoiado por resultados tanxibles en convocatorias a nivel autonómico, estatal e internacional:

- A taxa de éxito da UDC nas convocatorias de axudas de apoio á etapa de formación posdoutural da Xunta de Galicia, no ano 2024, foi do 65%, a mellor entre as tres universidades do SUG, que ten unha media aproximada do 33%.
- Son salientables os resultados nas convocatorias Ramón y Cajal (RyC), que nos últimos anos experimentaron un incremento exponencial.
- No plano das convocatorias de ciencia excelente, a UDC acadou, en parte grazas ao traballo de apoio da OCPI en conxunción co resto de oficinas de apoio centralizado á I+D+i na institución, un total de seis ERC *grants* nos últimos 10 anos (e 13 persoas investigadoras que alcanzaron a segunda fase da avaliación). A maior parte deste persoal beneficiario das ERC foi captado previamente a través dos programas de atracción de talento da UDC o que remarca a importancia de consolidar e mesmo ampliar os servizos de apoio técnico personalizado que esta a levar a cabo a UDC.

As actuacións desenvolvidas pola OCPI supuxeron un impacto económico na UDC de máis de 10M€ a través da captación de investigadores e investigadoras de alto nivel e a consecución de éxito en convocatorias competitivas de ciencia excelente.

A actual conxuntura invita a pensar que a captación de talento, por exemplo de persoas que queiran retornar dos EEUU, pode requirir unha intensificación. Estase a



facer unha análise das persoas que actualmente están en universidades e centros de investigación americanos e estase a deseñar un programa de información específico e personalizado para propoñerlles pasarelas de retorno (ATRAE, ERC, RyC,...).

Buscarase tamén reforzar a Escola Internacional de Doutoramento da UDC, incorporando políticas de captación e retención dende as primeiras etapas de formación investigadora e mellorando a oferta existente en materia de formación complementaria, asesoramento e divulgación da ciencia orientada en especial á captación de candidatos predoutorais.

Estase a deseñar un programa de formación de competencias transversais para predoutorais, que inclúen microcredenciais sobre aspectos éticos da investigación, uso adecuado das IA, nesgos de xénero ou investigación con enfoque de xénero, publicación e bibliometría e outras. Ademais, estanse a axilizar os procedementos de admisión, sobre todo de estudantes estranxeiros, o que implica un traballo importante de revisión de expedientes moi diversos, xa que cada vez mais os países de orixe son mais distintos.

A través do reforzo do eixo de talento na UDC, búscase fomentar e incrementar a calidade e impacto da investigación e a excelencia a través dun acompañamento e atención individualizada a cada investigador dende o inicio da súa carreira científica.

### 1c. Internacionalización da I+D+i

A intención e a obriga da UDC é apostar fortemente pola internacionalización da I+D+i, tomando como pilar o principio de globalidade do coñecemento, entendendo que o camiño aos logros en materia de I+D+i é transfronteirizo. A **Oficina de Proxectos Internacionais (OPI)** terá un rol principal na identificación e seguimento de convocatorias e oportunidades de financiamento internacional, garantindo que o persoal investigador da UDC teña unha fonte de información actualizada e acceso a asesoramento personalizado para a preparación de propostas competitivas e con alto potencial de éxito.

A OPI tamén actúa como unha unidade de soporte na xestión administrativa e o control e xustificación dos proxectos concedidos, asegurando o cumprimento da normativa e a correcta execución dos fondos en tempo e forma.

O novo equipo de goberno da UDC apostou pola profesionalización da OPI como entidade de xestión, liberando ao persoal investigador da carga burocrática asociada aos proxectos e garantindo que poda dedicarse a investigar. Isto require un reforzo da oficina, que vai asumir una carga de traballo moito mais importante. Neste contexto, impulsouse unha estratexia orientada a incrementar a captación de financiamento internacional, apoiando accións científicas de excelencia e reforzando a participación da UDC en programas de alto impacto como HE e INTERREG.

É chave destacar que o impacto da UDC en solicitudes e concesión de proxectos é importante e crecente. O enfoque e traballo desta oficina estase a demostrar coma un



verdadeiro caso de éxito dende a súa creación, en 2023, a través dos resultados obtidos pola institución en convocatorias de proxectos internacionais:

- No programa Horizonte Europa a UDC acadou financiación para 8 proxectos no ano 2023, cun retorno económico de preto de 4M€ e 9 no ano 2024, supoñendo en termos económicos un importe que roza os 4,5M€ para a investigación na UDC. Deste xeito, pode observarse a evolución histórica do número de proxectos concedidos e o seu retorno económico.

- No marco dos programas INTERREG, a participación da UDC na convocatoria do ano 2023 resultou nun total de 14 proxectos financiados (3 en Espazo Atlántico, 3 en SUDOE e 8 en POPTEC), case duplicando o número de proxectos concedidos con respecto á participación previa da UDC.

Neste contexto, e no marco da estratexia para incrementar a competitividade e o impacto internacional da UDC en materia de I+D+i, perseguiranse as seguintes liñas de actuación chave:

- Incrementar a captación de fondos europeos e participación en convocatorias internacionais de I+D+i, reforzando a participación da UDC en programas de financiamento internacional, particularmente en Horizonte Europa, INTERREG, e outras convocatorias da UE, incrementando a captación de fondos e a integración en consorcios estratéxicos.

- Reforzar a estrutura de xestión mediante servizos especializados en proxectos europeos. Trátase de consolidar a UDC coma unha institución de referencia na captación e xestión de proxectos europeos, reforzando a súa estrutura mediante servizos especializados, asistencia técnica e colaboración externa en materia de promoción, preparación e xestión de propostas europeas.

- Impulsar a creación do primeiro curso de posgrao en promoción e xestión de proxectos europeos en Galicia. A acción 17 da ERA Policy Agenda establece a necesidade de fortalecer a formación e recoñecemento da profesión de xestor da I+D+i, fomentando rede e capacitación especializada. Actualmente a formación en xestión de proxectos europeos no ámbito de España encóntrase canalizada e centralizada principalmente en Madrid e Bruxelas, a través de cursos de referencia da UPM, CDTI, FECYT e SOST, deixando desatendida a crecente demanda de profesionais cualificados en Galicia.

O deseño e implementación deste tipo de formación contribuirá a formar especialistas en captación e xestión de fondos europeos, respondendo a unha necesidade crecente do ecosistema de I+D+i galego. Ademais, mediante o deseño e inclusión de módulos de formación práctica en distintas unidades de xestión de proxectos dos centros de I+D+i en Galicia e outras institucións colaboradoras, lograrase xerar un perfil cos coñecementos, teóricos e





prácticos, suficientes para iniciar e continuar a súa labor cun alto grao de autonomía.

Estas liñas de actuación buscan como obxectivos primordiais posicionar a UDC coma socio estratéxico e confiable no ecosistema europeo de I+D+i, profesionalizar a xestión da I+D+i en Galicia e reforzar a capacidade da UDC para competir en convocatorias europeas de alto impacto. Precísase un reforzo específico para estes novos obxectivos, que transcenden con moito a xestión de proxectos que se está a facer na actualidade.

#### 1d. Transferencia, protección e valorización dos resultados da investigación

A **Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC)**, acreditada no rexistro oficial nacional de Oficinas de Transferencia de Coñecemento, é a oficina que cumpre o rol de nexo entre a Universidade e os axentes do tecido produtivo e empresarial, coordinando proxectos interdisciplinares a través da realización e xestión de contratos de I+D+i e servizos tecnolóxicos.

Búscase incrementar a intensidade da colaboración público-privada así coma a captación de fondos de entidades e organizacións privadas.

Por outra banda, a través de diferentes iniciativas internas, a OTC leva a cabo unha estratexia de detección de resultados e a súa valorización. O principal obxectivo é identificar e poñer en valor os resultados de investigación xerados na UDC mediante programas de transferencia orientados á comunidade investigadora, con independencia da área de coñecemento á que se pertenza (científico-técnica, ciencias sociais ou humanidades), e do campo de aplicación do resultado. Destaca de maneira especial o programa interno da OTC para este fin denominado "*Transfire*", que pretende:

- Identificar los resultados de investigación da comunidade investigadora.
- Poñer en valor o coñecemento (incluso resultados que se encontren nun grado de madurez inicial).
- Despejar incerteza acerca das posibilidades de transferencia.
- Aportar soporte, recursos e asesoramento personalizado nos aspectos chave do proceso de maduración e transferencia á sociedade.

Do mesmo xeito, a OTC viña difundindo e promovendo a participación en programas externos de valorización. Este labor vaise transformar e reforzar mediante programa CONECTA, que se implantará de forma inminente. Este programa establecerá vínculos estables e permanentes coas empresas, particularmente, coas que xa existe algún tipo de contacto (cátedras, contratos, participación directa -spin-offs, etc.) aínda que non unicamente; cun enfoque orientado cara a fidelización, pero tamén a captación de novas colaboracións.

O programa CONECTA incluírá sesións informativas, apoio técnico para concorrer a convocatorias (doutoramentos industriais, convocatorias público-privadas), promoverá sesións temáticas promovendo "*joint ventures*" para concorrer a proxectos



colaborativos, e microcredenciais orientadas á valorización, emprendemento, novas ferramentas, regulación, etc. Trátase dun programa de acompañamento global da relación Universidade coa empresa. É un programa novo, ambicioso, e que necesita o reforzo da OTC. Compre destacar que a UDC mantén mais de 30 cátedras activas, o que require un importante custo relacional e de xestión. Este novo programa require apoio en persoal, xa que se aspira a que o contacto coa empresa sexa mais intenso e produtivo. Os indicadores como o número de doutoramentos industriais, creación de empresas de base tecnolóxica e contratos e convenios deben incrementarse como resultado desta iniciativa.

Asemade, detectouse que existen áreas con menos experiencia en transferencia, especialmente aquelas non adscritas a centros CIGUS, polo que sería necesario reforzalas mediante a análise dos resultados de investigación (aportando o coñecemento específico en materia de transferencia e valorización á AXD) para poñer en valor o seu potencial e identificar e definir as vías máis adecuadas para maximizar as súas posibilidades de transferencia á sociedade. Tamén proxéctase a realización de itinerarios formativos para investigadores e persoal técnico-xestor nas distintas materias de transferencia de coñecemento, con especial atención ás áreas de ciencias sociais e humanidades.

A través desta metodoloxía de traballo, a OTC pode nutrirse dos resultados da detección para avaliar cales son as necesidades concretas de cada caso e mostrar apoio en función da casuística: asesoramento en protección, licenzas, spin-off, colaboración con empresas a través de art.60, proxectos colaborativos, procura de socios, etc. Esta práctica resulta primordial para poder atender os indicadores requiridos.

#### 1e. Consultaría, auditoría e acreditación de estruturas de I+D+I e asistencia técnica en solicitude e xustificación de proxectos

Por vía de esta actuación transversal, destinaranse fondos para a correcta execución, seguimento e xustificación de financiación allea, dando soporte técnico e asistencial aos investigadores e atendendo de maneira pormenorizada ás esixencias particulares de cada un dos proxectos. Tamén se proxecta a colaboración con axentes especializados do tecido da I+D+i para soporte na avaliación e redacción de propostas e candidaturas a convocatorias.

O incremento dos proxectos concedidos supón un aumento da carga de traballo, non exclusivamente a nivel dos traballos de desenvolvemento da investigación, tamén das esixencias de control e seguimento dos fondos. O contexto actual de expansión da capacidade de captación de talento, proxectos de investigación e colaboracións con outras entidades (exposto nos epígrafes anteriores), implica un lóxico incremento do volume, e por tanto do esforzo necesario, para a correcta execución e xustificación da financiación allea. A atención idónea ás necesidades dos investigadores en estas materias, así coma a satisfacción das peculiaridades en tempo e forma de cada unha



das convocatorias requiren en ocasións de soporte externo para acadar o nivel de éxito esperado.

Nesta liña, e na procura da optimización dos recursos, estase a estudar a posta en marcha dunha unidade interna e especializada na xestión de xustificacións de axudas concedidas en convocatorias singulares que precisan unha xestión especializada, aportando soporte centralizado aos centros e unidades de investigación no seu conxunto. Esta unidade, enfocada en convocatorias que esixen un tratamento diferenciado (NG, INTERREG ou iniciativas como ENIA) e que implican non só un elevado nivel de detalle técnico, senón tamén unha coordinación fina entre fases, indicadores e xustificacións.

A creación desta unidade responde á necesidade real e crecente de adaptar a estrutura de xestión da institución á nova xeración de convocatorias que impoñen modelos de seguimento moito máis detallados, continuos e orientados a resultados, nunha lóxica de microcontrol e inmediatez na rendición de contas. O carácter transversal e técnico destas esixencias, que afectan tanto á execución como á xustificación dos proxectos, require dunha capacidade especializada que non sempre pode ser asumida polas estruturas de xestión convencionais, requirindo perfís híbridos cun coñecemento especializado do ecosistema da I+D+i e das peculiaridades de xestión de fondos propios das Universidades. Esta nova unidade está deseñada de forma precisa para dar resposta a esta transformación de paradigma, funcionando como unha ferramenta operativa e estratéxica que permita a integración efectiva destes novos requisitos por parte das entidades financiadoras de maneira estruturada e efectiva.

Organicamente, proxéctase integrar esta unidade no EXI, e a súa misión será fornecer un seguimento exhaustivo e detallado de fitos e obxectivos ao longo do período de execución da financiación, garantindo unha interpretación proactiva e cualitativa dos requisitos e forma particulares especificados polas entidades financiadoras. Isto permitirá reducir os riscos de reintegro por erros procedimentais, asegurando a efectividade da investigación. Tamén buscará o establecemento de sinerxías e procedementos comúns coas demais unidades de xestión, fomentando unha colaboración particularmente estreita coa área encargada da xestión e tramitación de contratación laboral e co área de xestión de fondos *Next Generation*. A posta en marcha desta unidade está proxectada para o bienio 2025-2026, como parte da estratexia máis ampla de profesionalización e sustentabilidade da xestión da I+D+i, vencellada ao programa **i<sup>2</sup>UDC**.

É importante subliñar que estase a traballar nunha estratexia de sustentabilidade económica dos servizos de xestión da investigación. A reinversión finalista dos custes indirectos nunha certa porcentaxe xa se incluíu no novo regulamento sobre xestión de proxectos internacionais. Adicionalmente, se está a propiciar a incorporación de persoal de xestión na petición de todos os proxectos onde este concepto sexa elixible. O obxectivo a medio prazo é a redución da necesidade estrutural de persoal, e a



imputación da xestión aos propios proxectos. De asentarse esta política, unha parte substantiva do persoal que agora é necesario para impulsar os programas pode ser sustentado a partir do incremento da actividade.

As accións incluídas neste primeiro bloque, reforzo e consolidación das estruturas centralizadas de I+D+i da UDC, requiren un pequeno (cirúrxico) apoio en materia de persoal, que non colisiona nin duplica labores previas. Esta necesidade ven derivada do impulso de novos programas (AGRUPA, CONECTA), do reforzo das oficinas de xestión centralizada da I+D+i (OCPI, OPI, OTC...) necesario para cumprir coas demandas de EMERGE e da nova orientación da OPI, moito mais ambiciosa.

## 2. Centros de investigación, soporte e especialización da I+D+i

### 2a.Coordinación e harmonización Centros de Investigación

As actuacións neste epígrafe veranse reflectidas en principalmente dúas unidades especializadas da UDC:

- Oficina de Coordinación de Centros e Unidades de Investigación (REDCIDi)
- Unidade de Análise e Xestión de Datos (AXD)

#### *i. REDCIDi*

A **Oficina de Coordinación de Centros e Unidades de Investigación (REDCIDi)** ven favorecendo a comunicación intercentros cun notable éxito, promovendo iniciativas colaborativas ao tender nexos entre os distintos centros e unidades de investigación. Ante a gran acollida da comunidade investigadora a esta unidade de apoio, búscase incrementar a intensidade dos seus esforzos coma unidade de xestión e asesoramento técnico.

Logo de dous anos de andadura, e ter consolidado a traxectoria dos centros na UDC pasando dun único centro CIGUS (CITIC) a dous (CITIC e CICA) máis un Centro colaborativo (CITEEC), a REDCIDi pretende afrontar este próximo bienio de acordo cunha estratexia perfectamente definida, denominada "*Estratexia Centros UDC 2027*", cuxo obxectivo é situar aos catro centros propios da UDC (CITIC, CICA, CITEEC, CITENI) na mellor posición posible para competir na próxima convocatoria de acreditación de Centros de Xunta de Galicia. O deseño desta estratexia considerou como base de partida os informes de avaliación recibidos polos centros na convocatoria do ano 2023 así como diversos estudos internos encargados no bienio 2023-2024.

A "*Estratexia Centros UDC 2027*" aborda, xa dende principios de 2025, as seguintes cuestións fundamentais:

#### 1.- Melloras na gobernanza:

- Renovación dos órganos unipersoais de dirección dos Centros de acordo cos novos estatutos que a UDC debe redactar para adaptarse á LOSU. Este proceso xa está iniciado e na actualidade en fase de consulta pública, e prevé a elección





das persoas que ostenten a dirección dos centros de acordo con procesos participativos, democráticos, abertos e monitorizados polo SAB do Centro en consonancia cos estándares internacionais.

- Apertura progresiva dos Consellos Reitores (xa iniciada) a actores relevantes fóra da comunidade universitaria.
- Retirada dos órganos de goberno da UDC dos Consellos Internos de dirección para favorecer a independencia funcional do Centro.

## 2.- Melloras no desempeño da actividade investigadora centrada en:

- Incorporación de talento novo con alta proxección internacional (amplamente descrito na acción 1.b desta proposta e cuxos resultados están a ser excelentes). Este talento procúrase canalizar fundamentalmente a aquelas áreas nas que se observan eivas estruturais. A interrelación entre REDCIDI, OCPI e Centros é fundamental.

- Aposta pola transversalidade e accións colaborativas intercentros, antes que no crecemento non desexado de masa crítica en cada centro individual. Neste sentido hai unha aposta definida de proxectos institucionais que se abordan mediante a complementariedade de capacidades intercentros.

- Aposta por unha mellor integración da dinámica Centros/Grupos de Investigación. Este obxectivo abórdase no seo do programa AGRUPA (xa citado no apartado 1.a) e busca optimizar o labor dos grupos e establecer mecanismos de acción compartida e converxente entre os grupos e os propios Centros para un mellor uso dos recursos. A aliñación do programa AGRUPA coas políticas autonómicas é o elemento chave deste proceso. A referencia para o traballo a desenvolver no contexto do programa AGRUPA parte da base dos criterios das axudas para o financiamento de grupos da Xunta, tratando de coordinar as xa existentes capacidades investigadoras e fomentando a potenciación de áreas con oportunidade para o desenvolvemento e o éxito en convocatorias competitivas, particularmente a través da condensación e concentración de estruturas de investigación e do deseño pormenorizado de itinerarios de mellora e reorientación de esforzos. A UDC tratará de promover este programa e incentivará a participación dos grupos de investigación no mesmo a través de criterios de valoración ponderados en base ao seguimento do itinerario de mellora proposto dentro do programa AGRUPA, sendo o fin último a consecución das capacidades e indicadores suficientes para acadar o acceso á financiación allea (en particular, pero non exclusivamente, a financiación de GPC e GRC da Xunta de Galicia).

- Simplificación da estrutura de unidades de investigación na UDC. Proponse a estrutura baseada en grupos e centros que a Xunta reconece nas súas convocatorias, e téndese a migrar outras (nomeadamente os institutos) a esta estrutura. Colaborarase cos actuais institutos existentes (5 en total) para



facilitar a súa transformación en grupos. Isto supón adicionalmente una racionalización de recursos (por exemplo do persoal de apoio aos actuais institutos).

### 3.- Melloras na proxección e desempeño en ámbitos internacionais.

Resulta evidente a reiterada mención deste aspecto en todos os informes de avaliación. Por iso a UDC reforzou notablemente a súa Oficina de Proxectos Internacionais, que traballa de xeito conxunto co persoal de xestión que exerce esa función en cada Centro.

- O obxectivo básico é mellorar o desempeño en programas *Horizon Europe* (principalmente) e outras mais específicas, como INTERREG (complementariamente). A este respecto cómpre ver o apartado 1.c da proposta.
- Incorporación dos Centros da UDC en redes internacionais. Neste aspecto tómanse en consideración redes de amplo espectro (como é o caso da que se está configurando no ámbito do proxecto EMERGE, ver apartado 2.c desta proposta) así como doutras de carácter temático e disciplinar máis propias de cada un dos Centros.
- Melloras no impacto de comunicación da UDC en ámbitos internacionais (ampliadas e descritas no apartado 4.b da proposta).

### 4.- Mellora na rendición de contas.

Partindo da referencia dos indicadores que solicita a Xunta de Galicia aos Centros CIGUS, a UDC estende esta normalización a todos os seus centros (sexan CIGUS ou non) co obxecto de ter series comparables de desempeño. Porén, e aínda que estimamos que esta dinámica é moi positiva, necesitamos ampliar o rango de definición dos indicadores, para o que traballamos de xeito conxunto con todos os Centros e, dende hai máis dun ano, coa AXD. O feito de ter integrado a AXD na VIT favorece unha comunicación fluída e un traballo eficaz.

#### **ii. AXD**

Dentro do novo organigrama de xestión da I+D+i, os indicadores e datos, en liña coas políticas estratéxicas de transparencia e humanización da información; integrouse organicamente á Unidade de Xestión e Análise de Datos (AXD) da UDC no eido da investigación, co obxectivo de desenvolver un esquema de toma de decisións de maneira áxil e baseadas en datos obxectivos e trazables (*business intelligence*). O rango institucional da oficina elévase. A persoa a cargo da unidade terá nivel de Adxunto/a, co que se quere visibilizar a importancia desta unidade.

A AXD, baixo este novo paradigma de xestión de datos da UDC, requirirá un reforzo en materia de persoal para poder acadar o cumprimento de este obxectivo, realizando tarefas que responden a novas necesidades e que non están cubertos con ningún programa previo. A labor da AXD, cun enfoque baseado nos principios FAIR (Findable,





Accessible, Interoperable, Reusable) da xestión de datos, traballará para sentar as bases no bienio 2025-2026 para a consecución dos seguintes obxectivos:

- Consolidación dun modelo integrado de análise e visualización de datos para a I+D+i, permitindo a explotación cruzada de información procedente de fontes internas e externas co fin de facilitar a elaboración de informes estratéxicos para os órganos de goberno da UDC e os centros de investigación. Así coma un reforzo da capacidade da Universidade para a simplificación de procesos para a rendición de contas ás entidades financiadoras, promovendo no ecosistema de I+D+i transparencia e trazabilidade.
- Implementación dun servizo interno de asesoramento e soporte en análise de datos, dirixido a centros e unidades de investigación. Este obxectivo, que busca unificar cargas de traballo con aportes das múltiples oficinas de xestión e técnicas, incluírá a elaboración de informes personalizados e acompañamento na definición de indicadores de seguimento e planificación, promovendo unha cultura institucional de uso eficiente da información.
- Desenvolvemento e posta en marcha dun sistema de seguimento de políticas de investigación baseadas en datos, orientado á avaliación do impacto das accións promovidas pola Vicerreitoría de Investigación e Transferencia e á detección temperá de necesidades ou áreas de mellora, mediante un sistema de avaliación con métricas compostas, sustentado por ciclos de revisión e retroalimentación cos axentes de I+D+i na UDC.

Ademais de reforzar os dos recursos propios da AXD, se promoverá a colaboración con expertos/as que produzan informes en aspectos específicos orientados á mellora estratéxica. Para a contratación destes informes, neste ámbito ou en outros, poderase apelar á Fundación da Universidade da Coruña (G-15597289) como medio propio da UDC.

## 2b. Centros de investigación

No eido científico-técnico da I+D+i, búscase potenciar os centros de investigación da UDC acreditados co selo CIGUS e colaborativos (CICA, CITIC e CITEEC), tanto para o seu mantemento e expansión coma para a mellora de oportunidades de consolidación a centros de investigación e estruturas con potencial de alto impacto na I+D+i e industrial.

A través da mellora e mantemento da infraestrutura dispoñible e ao servizo dos investigadores da UDC, búscase conformar os centros de investigación coma polos de referencia en cada unha das súas áreas de incidencia propias.

En concreto, as áreas de potenciación nos centros de investigación incluírán as seguintes liñas de actuación:

### **i. CICA**

Tras acadar no 2024 o recoñecemento da rede CIGUS, o CICA pretende continuar o camiño cara a excelencia no eido da I+D+i, consolidando a súa base estrutural para



poder dar soporte efectivo ás necesidades dos investigadores adscritos e poder alcanzar ambiciosas metas de desenvolvemento no eido da captación de talento e promoción da I+D+i.

O CICA busca facer un acercamento ao talento científico, xunto coas unidades de xestión da UDC cun enfoque multinivel e coordinado, en tres estamentos: retención do talento captado e propio, atracción de talento e fomento da carreira investigadora.

Tras a incorporación de perfiles de alto nivel nos últimos anos, requírese adecuar espazos para o correcto desenvolvemento en liñas de investigación chave para o talento de recente incorporación. Da mesma maneira, estase a espera da resolución de axudas competitivas nacionais e internacionais que contan con investigadores nas últimas etapas e con posibilidades de éxito e incorporación ao centro, o cal supón un potencial incremento do esforzo requirido para a acollida das novas estruturas necesarias para as súas investigacións.

Entre outras accións de desenvolvemento estrutural a desenvolver, tratarase de incrementar as capacidades do animalario do centro, garantindo un alto nivel de rigor das probas e asegurando o mantemento das condicións adecuadas dos suxeitos dos devanditos ensaios e a seguridade do persoal do centro, tendo tamén coma referencia as consideracións do Comité de Ética de Experimentación Animal da UDC (CEEA-UDC), constituído no ano 2024. Nesta liña proxéctase a adquisición de software especializado para control de procedementos en investigacións con modelos animais, así como melloras na estrutura do animalario e os laboratorios asociados.

Todo isto reflectirase, nun enfoque dos esforzos do centro nos seguintes ámbitos de desenvolvemento para o bienio 2025-2026:

- Introducción de melloras estruturais en laboratorios singulares do centro mediante a adquisición e posta a punto de equipamento e software especializado, a actualización de protocolos de acordo coa normativa de aplicación e incrementando a eficiencia do uso dos espazos e a fiabilidade e precisión dos resultados.

- Reforzo das liñas de actuación en materia de experimentación animal.

- Creación dun programa para o fomento da investigación nova para atracción do talento a través de bolsas de verán para estudantes.

- Accións en materia de divulgación científica, entre as que se encontra o ["Programa Incrustate"](#).

## **ii. CITIC**

O CITIC, como Centro de Investigación consolidado e recoñecido co selo da Rede CIGUS, busca continuar incrementando as súas capacidades de investigación.

Un gran volume da investigación realizada no CITIC emprega directa ou indirectamente o poder de cómputo do Centro de procesado de datos (CPD), isto require un control preciso de temperaturas para acadar os máximos niveis de



eficiencia e para asegurar a estabilidade e lonxevidade das máquinas. Proxéctase incrementar a capacidade de refrixeración e manter o sistema actual cun servizo técnico e operativo adaptado ás necesidades dos investigadores. Aínda que os esforzos pola busca de algoritmos máis eficientes (que requiren menos capacidade de cómputo e por tanto menor estrés no sistema de climatización das máquinas), o gran volume de traballo e a continua e necesaria expansión do poder de procesamento do CPD supón a necesidade ineludible de contar cun sistema adecuado, escalable e configurable para o control de temperaturas.

Búscase poñer en marcha un programa de potenciación do prototipado e a xeración de proxectos piloto orientados ao demostrador tecnolóxico do centro, co obxectivo de incentivar a investigación transferible e o impacto aplicable do coñecemento. A través deste programa, impulsarase o desenvolvemento de solucións innovadoras con alto potencial de aplicación en sectores estratéxicos, facilitando a súa validación e futura transferencia ao tecido empresarial e social, situando ao CITIC como un axente de cambio en materia de I+D+i aplicada, promovendo a conexión entre a investigación académica e as necesidades do mercado e a sociedade.

Na mesma liña da procura do impacto socioeconómico real na nosa contorna búscase continuar potenciando as actividades de divulgación do centro, mediante a participación en actividades de ciencia cidadá, a organización de xornadas formativas e congresos (como é o caso, por exemplo do XoveTIC). Tamén compre reforzar pontes con empresas e institucións internacionais a través de contactos bilaterais e a presenza do centro nos foros e plataformas tecnolóxicas máis relevantes no sector TIC.

Así continuarán os esforzos do centro cara o seu crecemento e continuación da súa consolidación como referente nacional e internacional, centrando os esforzos neste período en, particularmente:

- Mellora CPD do centro e particularmente a súa refrixeración, continuando actuacións xa iniciadas.
- Programa de potenciación do prototipado e xeración de proxectos piloto para o demostrador tecnolóxico do CITIC.
- Accións de divulgación do coñecemento e promoción do centro, para acadar un mellor posicionamento e tamén representación en foros de ámbito nacional e internacional.

### **iii. CITEEC**

O CITEEC alcanzou o recoñecemento de Centro de Investigación colaborativo da rede CIGUS no ano 2024, supoñendo un gran fito no desenvolvemento do Centro e outorgando un recoñecemento pola súa labor e o seu potencial.

O reto de cara aos vindeiros anos consistirá en pulir as áreas de mellora do centro, buscando alianzas con outras administracións e entidades privadas para continuar



incrementando a operatividade e aplicabilidade das labores realizadas no eido do CITEEC, facendo unha transferencia efectiva dos resultados tanxibles da investigación á sociedade.

Durante o bienio 2025-2026 tratarase de manter a infraestrutura do centro na vangarda da tecnoloxía, permitindo aos investigadores traballar nas condicións óptimas para a seguranza da validez das súas investigacións. Isto supón a reestruturación e adecuación de espazos no centro por mor da incorporación do novo talento investigador, a adquisición de equipamento científico, singular e altamente especializado, así como material informático de soporte.

O ano 2025 está sinalado tamén por ser o 25 aniversario do centro. Ao longo de 2025 planificouse un ambicioso programa onde se proxecta unha serie de actos tanto formativos coma divulgativos. Na completa axenda planificada inclúese un ciclo de conferencias, unha exposición divulgativa e un concurso fotográfico aberto, entre outros actos formais.

Con isto, o bienio 2025-2026 virá condicionado por actuacións enmarcadas nos seguintes obxectivos:

- Incrementar as capacidades de transferencia do coñecemento do centro, a través da potenciación da relación con empresas e administracións para a conexión entre intereses tecnolóxicos comúns e o establecemento de alianzas estratéxicas.
- Posta a punto, adquisición e renovación de equipamento informático, científico e infraestrutura de I+D+i, así coma un incremento nos esforzos de coordinación do seu uso.
- Reforzar a actividade de divulgación e difusión da actividade dos investigadores adscritos e do centro, en particular coa celebración do 25 aniversario do CITEEC.

#### ***iv. CITENI***

Como centro de investigación da UDC e tras a realización en 2024 dunha análise pormenorizada das súas fortalezas, áreas temáticas con maior valor diferencial e transferencia efectiva na súa contorna, ten identificados nichos de actuación con gran potencial de impacto, particularmente en aquelas materias relacionadas co sector naval. Nesta liña, o centro require apoio para aliñar a súa estratexia e gastos de funcionamento de cara a súa postulación á vindeira convocatoria de excelencia e outras posibles convocatorias competitivas para captación de fondos. Na mesma liña, é importante potenciar a imaxe do CITENI, co obxectivo de mellorar a súa identidade e o seu posicionamento a nivel nacional e internacional, particularmente a través do investimento no área da comunicación, difundindo de maneira eficaz a actividade investigadora do centro ao exterior e fomentando o sentimento de pertenza e a xeración dunha cultura de centro do persoal xestor e investigador.



A forte aposta en Ferrol pola proxección da investigación, que no medio prazo redunda na construción dun edificio para conformar un verdadeiro buque insignia da I+D+i na cidade e por extensión en Galicia; o chamado EI3, reflicte unha clara oportunidade de mellora para o CITENI, pavimentando o camiño cara a súa consolidación coma un actor chave no panorama da I+D+i e coma nexo entre a UDC e o tecido industrial, para a identificación e fomento de sinerxías, co fin último de xerar un impacto económico e social real.

No momento actual, ante a importante incorporación de persoal investigador, é necesario realizar unha serie de traballos de acondicionamento de instalacións e equipamento científico-técnico co fin de poder ofertar espazos adecuados para o desenvolvemento das tarefas dos investigadores e novo talento. En concreto, é notable salientar a incorporación dun investigador Oportunius (*CoG*) e tamén un investigador con potencial para acadar unha ERC *grant* (actualmente finalista no proceso). En particular, entre outras actuacións necesarias de adecuación dos espazos dispoñibles no CITENI, é crítico para o centro a adecuación do sistema de climatización en parte dos seus laboratorios. Isto é debido a que as condicións de traballo son restritivas en moitos ensaios que se levan a cabo no marco do desenvolvemento de proxectos e contratos art.60, sendo necesario manter uns parámetros de temperatura e humidade relativa altamente controlados, cun nivel de precisión chave para o mantemento do rigor requirido polas normas de calidade (UNE-EN-ISO, ASTM, ISO...), asegurando así a fiabilidade dos resultados.

Por tanto, os catro obxectivos principais sobre os que se encamiñarán os esforzos do CITENI no bienio 2025-2026 resúmense en:

- Apoio á captación de fondos mediante a aliñación da estratexia e optimización dos recursos de funcionamento, facilitando a postulación do centro a convocatorias de excelencia e outras oportunidades de financiamento competitivo.
- Contribución á consolidación do CITENI como axente clave no ecosistema de I+D+i, favorecendo a súa integración no proxecto EI3 e potenciando a conexión co tecido industrial para fomentar sinerxías e o impacto socioeconómico.
- Fortalecemento da identidade e posicionamento do centro a nivel nacional e internacional mediante accións de comunicación estratéxica e a mellora do impacto da difusión da actividade do persoal investigador adscrito ao centro.
- Acondicionamento de instalacións e equipamento científico-técnico para garantir espazos axeitados para o desenvolvemento da actividade investigadora, incluíndo a adecuación do sistema de climatización en laboratorios con requisitos específicos de temperatura e humidade.

## 2c. Estratexia de especialización

A estratexia de especialización, logo do particular caso de éxito do Campus Industrial de Ferrol, amosa posibilidades cun alto potencial de enriquecemento do ecosistema universitario. Focalizar ámbitos de especialización implica traballar a varias escalas:



i.- Potenciar a estratexia de especialización en áreas chave. Neste sentido, estase a traballar na definición duns obxectivos claros e atractivos dun futuro Campus de Especialización na cidade da Coruña, aliñado cos obxectivos de EMERGE, no que será o primeiro Campus de Especialización Internacional de Galicia. Definir estes obxectivos non é doado, xa que hai que conxugar unha verdadeira especialización, un tema socialmente atractivo e aliñado cos principios de EMERGE e unha certa inclusividade dos grupos e potencialidades reais da UDC en Coruña. Áreas como a sustentabilidade son prometedoras, pero se require traballo para materializar unha idea verdadeiramente atractiva.

ii.- EMERGE é unha Universidade Europea. O proxecto co que naceu é só o primeiro paso, que permite a súa fundación, pero non é suficiente para garantir a súa supervivencia. As universidades que forman EMERGE adquiriron o compromiso de engadir recursos xerando proxectos competitivos. Un exemplo claro é a presentación dun proxecto na convocatoria MSCA-COFUND-2025 que está a liderar a UDC, pero isto é só o primeiro paso. A redacción de proxectos para impulsar EMERGE implica necesidades de consultaría e de relación internacional. O financiamento do proxecto existente non cubre a promoción da investigación. Solicítase financiamento para este tipo de actividades.

iii.- Reforzar as xa identificadas áreas de mellora do Campus Industrial de Ferrol para o mantemento e incremento do seu nivel de excelencia. En concreto, o caso de éxito do Centro Mixto con Navantia (CEMI) é o laboratorio perfecto no que incrementar a especialización combinando capacidades do Campus Industrial de Ferrol, do CITENI, do CITIC e de Navantia entre outros axentes.

## 2d. Proxectos disruptivos

Co obxectivo de estimular a xeración de coñecemento en ámbitos emerxentes e de alto impacto, promoveranse, impulsaranse proxectos disruptivos, particularmente no eido da transformación dixital e sustentable. Avaliaranse proxectos en materia de sustentabilidade e tecnoloxías limpas, a creación e dotación de laboratorios e unidades de investigación con tecnoloxías de vangarda e potencial de cambio. Estes proxectos están vinculados en gran parte aos centros de investigación acreditados e ao persoal investigador altamente cualificado que precisa iniciar a súa liña de traballo (Oportunius, ERC, RyC...).

Enténdense por proxectos disruptivos aqueles que, partindo de enfoques innovadores, propoñen solucións ou avances fronte a retos científicos, tecnolóxicos ou sociais complexos, cun elevado potencial transformador e capacidade de ruptura respecto de paradigmas ou prácticas establecidas. Buscarase apoiar proxectos cunha expectativa clara de impacto científico, multidiscipliniedade e potencial de transferencia, empregando criterios de avaliación por parte do VIT baseados en:

- O grao de innovación e potencial de impacto transformador do proxecto, en conxunción coa súa viabilidade, riscos e madurez.





- A coherencia científica e metodolóxica, coa posibilidade de apoio en informes das oficinas de xestión, centros de investigación e servizos de consultaría externos especializados.
- A viabilidade estratéxica dentro das prioridades institucionais e cos criterios RIS3 de Galicia como base de avaliación.

Darase continuidade a liñas estratéxicas de investigación activas en:

- Intelixencia artificial aplicada –en especial en materia sanitaria, e para a optimización de procesos industriais– e o impulso da investigación para acadar unha redución da pisada ecolóxica dos adestramentos e algoritmos.
- Sustentabilidade e transición enerxética, a través do estudo de materiais máis eficientes, aplicabilidade de novos métodos de transformación e almacenamento da enerxía máis eficientes, así como os efectos do cambio global.
- Biofabricación e enxeñaría de tecidos, con aplicacións innovadoras en medicina rexenerativa, a biotecnoloxía e a sustentabilidade, a través do desenvolvemento de materiais biodegradables e a creación de tecidos funcionais e sostibles

Tratarase tamén de impulsar liñas de investigación en áreas das ciencias xurídicas, humanísticas e económicas que, aínda que nos últimos anos foron menos exploradas na investigación de vangarda, ofrecen un importante potencial de impacto. No bienio 2023-2024 captáronse perfís investigadores *senior* en estas áreas de coñecemento e compre potenciar e poñer en valor a súa labor, explorando tamén novas vías de actuación na I+D+i. É particularmente salientable a importante sinerxía potencial destas áreas coa investigación básica e aplicada no senso “tradicional”. Dende computación cuántica aplicada a economía ou o estudo dos potenciais riscos e virtudes, as cuestións éticas e trazabilidade da intelixencia artificial e a súa aplicabilidade; son exemplos de proxectos sinérxicos de áreas en expansión que integran e complementan fontes e perspectivas de múltiples ramas de coñecemento, aportando valiosos novos puntos de vista e, en definitiva, enriquecendo a investigación e o entendemento dos avances tecnolóxicos e científicos no seu conxunto.

É importante subliñar que na actualidade a UDC ten finalistas en todas as categorías do programa ERC, e durante o verán pódense materializar novos contratos *StG*, *CoG* ou *AdG* en ámbitos tan amplos como o dereito, a enxeñaría biomédica ou as enerxías limpas. Todos eles son proxectos novos, froito do traballo de captación da OCPI e a súa coordinación co resto de axentes do sistema de I+D+i da Universidade.

Ademais, vanse incorporar varios investigadores RyC, BG e ATRAE, tamén en áreas moi diversas. Dende a UDC estase tentando (e conseguindo) abrir espectro de áreas temáticas que concorren e teñen éxito neste tipo de convocatorias, o que implica a necesidade de apoio aos novos grupos. Neste sentido, cara ó bienio 2025-2026 prantéxase, como actuación complementaria, expandir unha nova liña de actuación estratéxica a través da exploración de políticas de captación cun foco específico no panorama investigador estadounidense.





As principais áreas cun marcado camiño de crecemento, potencial de transferencia e consolidación pola súa capacidade demostrada de captación de fondos:

- A bioimpresión 3D de tecidos e órganos artificiais. Esta liña está reforzada pola inclusión na UDC dun investigador Oportunus cunha axuda Consolidator Grant (ERC).
- O desenvolvemento de traballos centrado en novos sistemas de almacenamento e conversión de enerxía, poñendo en valor os esforzos no eido da investigación para contribuír no proceso de transición enerxética. No CICA estase a reforzar a infraestrutura relacionada con este ámbito de investigación tras a captación e integración dunha axuda Beatríz Galindo.
- Tamén na liña da transición enerxética, é salientable a investigación levada a cabo no núcleo do CITENI, particularmente no estudo dos polímeros semicondutores (con relevancia especial pola captación de financiación ERC cun investigador CoG neste ámbito), na busca dun entendemento mais profundo da electrónica orgánica con usos coma o desenvolvemento de células fotovoltaicas máis eficientes.
- Reforzar liñas de investigación das novas incorporacións "Ramón y Cajal" na UDC, que abarcan un amplo espectro investigador incluíndo:
  - o Análise comparativo das transformacións da penalidade e a criminoloxía.
  - o Deseño e aplicación de nanomateriais para catalizadores e procesos electroquímicos na conversión enerxética e tratamento de augas.
  - o A investigación en física nuclear enfocada ao estudo do bosón de Higgs e a procura de materia escura.
  - o O estudo de políticas de control social e migratorio cun marcado enfoque de xénero.
  - o A análise de virus patóxenos en ambientes acuáticos baixo o enfoque "One Health".
  - o A paleobioloxía centrada na evolución de especies extintas fronte a cambios ambientais.
  - o A aplicación de métodos empíricos no estudo do dereito á vivenda e a propiedade urbana.
  - o A bioenxeñaría, materia na que traballan persoas de distintos centros e con un amplo potencial de crecemento.

A listaxe é un reflexo da captación de talento nos últimos meses, e non se poden descartar novas liñas de traballo froito do traballo en novas convocatorias. Experiencias recentes indican que a probada capacidade das persoas captadas pode xerar un efecto multiplicador o que require una aposta inicial que ten como recompensa un crecemento na actividade e nos indicadores de investigación. As últimas cátedras de colaboración con empresas, como por exemplo a cátedra



RESONAC, é un claro exemplo de investimento inicial nunha nova liña cunha inmediata consolidación e retorno.

## 2e. Adquisición de material de funcionamento e actualización de infraestruturas científico-técnicas

Adicionalmente, prevese a adquisición de material de funcionamento e infraestrutura científico-técnica para modernizar os recursos de investigación, asegurando a continuidade das análises e probas de laboratorio encargados nos Centros de Investigación e nos Servizos de Apoio á Investigación. Historicamente prodúcese unha forte interrelación tamén cos proxectos disruptivos, pero cunha filosofía de adquisición nun abanico de aplicación máis global e multidisciplinar, consolidando unha estrutura científica base para toda a comunidade universitaria.

O equipamento a adquirir céntrase non soamente en cubrir necesidades, tamén incrementar as capacidades dos laboratorios singulares da Universidade e os seus Centros de Investigación nas técnicas mais demandadas polos investigadores da UDC, tratando de manter ás capacidades da UDC a corrente do estado do arte:

- Tentaranse explorar vías de mellora para o aumento das capacidades de identificación de moléculas mediante técnicas espectrométricas e espectroscópicas. Na química e bioloxía, a espectrometría de masas é unha das técnicas de caracterización máis importantes no panorama de investigación actual. Búscase aumentar as capacidades da UDC con equipamento para dar soporte a técnicas de ionización electrónica, electrospray ou MALDI axustadas a espectrometría de masas de alta resolución. Estudiaranse ademais vías de actuación para a adquisición de equipos conducentes ao emprego de técnicas espectroscópicas como a espectroscopía Ramman, a ablación por láser ou a difracción por raios X. Isto redundará nunha mellora do alcance e posta a disposición de ferramentas altamente especializadas na materia para a comunidade universitaria, particularmente demandado polos investigadores adscritos ao CICA. A mellora en estas técnicas, ten influencia directa en tres áreas do CICA – Biomedicina; alimentación, contaminación e saúde; nanociencia e materiais avanzados, cunha particular mención en liñas de investigación activas tales como:

- Estudo dos procesos moleculares implicados en cancro
- Sistemas de expresión e modificación de proteínas con aplicacións industriais, sanitarias e nutricionais
- Impacto do cambio global sobre o medio costeiro
- Baterías de ións-lítio: aumento da eficiencia química dos dispositivos
- Illamento e identificación de compostos bioactivos de orixe vexetal
- Química de materiais de baixa dimensión
- Nanopartículas e nanorrecubrimientos.

A inclusión de infraestrutura científica en espectrometría e espectroscopía permitirá tamén afondar en investigacións de fronteira en ámbitos de traballo con



semicondutores orgánicos, novos polímeros condutores, aplicacións da química supramolecular en medicamentos ou a redución de emisións mediante o deseño de materiais térmicos máis eficientes. Estas concretas liñas están respaldadas na actualidade por investigadores de alto nivel, captados a través de convocatorias competitivas de ciencia excelente (RyC, ERC, Beatriz Galindo, Oportunius...). Isto tradúcese en que a Universidade conta cun amplo equipo humano que demanda e que será usuario da infraestrutura adquirida, cun marco de investigación consolidado, con gran proxección a futuro e alta capacidade de transferencia de resultados á sociedade.

- Búscase afondar nas liñas de actuación sobre desenvolvemento de tecnoloxías limpas e sostibles, en especial en materia da xestión da auga e no uso de novos materiais de almacenamento de enerxía. Para a consecución de ambiciosos obxectivos en estas temáticas de investigación, expónse o reforzo da liña de cromatografía iónica para a determinación de substancias iónicas en auga, medios iónicos de baterías ou lixiviados de materiais. Este investimento terá un perfil de usuario marcadamente interdisciplinar, cunha afectación directa, aínda que non exclusiva, a liñas de investigación activas actualmente no CICA e no CITEEC, tales como:

- Administración de auga en produción e sistemas de auga urbana
- Baterías de litio-aire: Desenvolvemento de novos eléctrodos con funcionalidade aumentada
- Biasfaltos

Estas liñas de investigación beneficiaríanse enormemente do reforzo da súa infraestrutura e actualización de equipamento, ofrecendo a súa vez unha gran posibilidade de transferencia o tecido produtivo de Galicia. Xa na actualidade estanse a materializar un gran número de acordos e cátedras con empresas da nosa contorna a través de colaboracións con investigadores e servizos encargados aos Servizos de Apoio á Investigación da UDC.

## 2.f Cofinanciación dos investimentos concedidos en convocatoria do Subprograma Estatal de infraestruturas e equipamento científico-técnico

Na convocatoria da Agencia Estatal de Investigación (AEI) no ano 2024 do procedemento para a concesión de axudas para a adquisición de equipamento científico-técnico, correspondente ao *Subprograma Estatal de Infraestructuras y de Equipamiento Científico-Técnico* do *Programa Estatal para Impulsar la Investigación Científico-Técnica y su Transferencia*, no marco do *Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2021-2023*, a Universidade da Coruña (UDC) presentou varias solicitudes para prover de equipamento de última xeración ao seu persoal investigador, co obxectivo de favorecer a especialización e eficiencia dos seus indicadores e resultados de investigación.

Con data 27 de decembro de 2024, publicouse a [Orden por la que se resuelve parcialmente el procedimiento de concesión de ayudas para la adquisición de](#)



[equipamiento científico-técnico del año 2024, del subprograma estatal de infraestructuras de investigación y equipamiento científico técnico, en el marco del plan estatal de investigación 2021-2023](#), na que se resolve conceder á UDC as axudas que se especifican na seguinte táboa:

Referencia	TÍTULO	Orzamento	Cofinanciamento	Previsión ejecución	Centro de investigación asociado
EQC2024-008675-P	<i>Plataforma de Citometría de Flujo: Citómetro Analizador y Citómetro Separador (Sorter)</i>	887.806,04 €	394.722,09 €	2025	CICA
EQC2024-008621-P	<i>Analizador elemental para la determinación de CHNS y O</i>	131.127,70 €	52.451,08 €	2025	CICA
EQC2024-008199-P	<i>Unidad Sensorizada de Estudio Vegetal - Invernadero Digital</i>	953.156,99 €	381.262,80 €	2026	CICA
EQC2024-008831-P	<i>Sistema de microscopía de rayos X 3D de alta resolución</i>	1.269.333,56 €	596.875,76 €	2026	CITEEC

As catro actuacións financiadas teñen base nos **Servizos de Apoio á Investigación (SAI)** da UDC, xestionando o seu equipamento cun réxime de explotación de forma centralizada de acordo co especificado na convocatoria, para garantir o uso efectivo e aberto á toda a comunidade universitaria.

Os SAI están compostos por un conxunto de servizos especializados capaces de prestar apoio á investigación científica, e cunha dotación instrumental, técnica e de recursos humanos que, ben polas súas características propias, polo ámbito da súa aplicación ou polo seu coste, superan as necesidades dun Centro, Departamento ou Instituto Universitario. A función que deben cumprir é a de organizar racionalmente a utilización destes recursos destinados a tarefas de investigación.

Os SAI proporcionan acceso a todo o equipamento e servizos dispoñibles, así como un asesoramento técnico experto, tanto ao conxunto da comunidade investigadora da UDC como a investigadores externos. Funcionalmente están adscritos á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia e están organizados en sete unidades especializadas en diferentes técnicas e métodos analíticos, que abarcan un importante número de técnicas e ofertas tecnolóxicas, así como unha unidade de xestión (Unidade de Coordinación de Laboratorios).

Os SAI ofertan prestacións a todo tipo de usuarios de comunidade científica e do tecido produtivo. A utilización dos servizos implica que a asunción das normas de funcionamento no regulamento dos SAI, así como as normas específicas de utilización de equipos e servizos. A finalidade dos SAI é pór a disposición dos investigadores equipamento de alto nivel correctamente mantido, calibrado e co máximo



aproveitamento. Os usuarios poden poñerse en contacto cos SAI para solicitar asesoramento sobre as técnicas e metodoloxías máis axeitadas a cada caso. Así mesmo, este asesoramento é extensible no caso da posta a punto de novos procedementos analíticos.

Non obstante, os equipamentos coa axuda concedida teñen unha particular incidencia directa nos **centros de investigación da UDC** referidos na táboa anterior, tanto pola súa participación e coordinación na preparación dos proxectos (todos os responsables das actuacións concedidas son investigadores adscritos ao CICA ou CITEEC), coma polo perfil dos usuarios maioritarios dos equipamentos.

De feito, os SAI actúan como unidades analíticas ao servizo dos centros de investigación. Para moitos dos instrumentos existe incluso a modalidade de autoservizo supervisado, modalidade na cal o investigador pode, previa cualificación polo técnico correspondente, interactuar co instrumento e analizar os seus propios datos.

### **Descrición das infraestruturas coa axuda concedida**

Neste punto descríbense as actuacións con axudas concedidas, mostrando a súa utilidade e importancia estratéxica para a UDC e os seus centros de investigación.

#### **Actuación 1. Plataforma de citometría de fluxo: Citómetro analizador e citómetro separador Sorter (EQC2024-008675-P)**

A necesidade da plataforma de citometría de fluxo da presente actuación fundaméntase na ausencia dun equipamento destas características nos SAI e a súa contorna, e na necesidade do seu uso frecuente/rutineiro por moitos dos grupos de investigación da UDC, así como dos seus centros de investigación que teñen que acudir a outras institucións (por exemplo o Centro Nacional de Investigacións Oncolóxicas, ou os Servizos Científico-Técnicos da Universidade de Barcelona) cos inconvenientes, custes e limitacións que iso leva.

Na actualidade a UDC só dispón dun citómetro analizador nun laboratorio dun grupo da Facultade de Ciencias polo que non é equipamento de uso común. Ademais, é moi antigo, atópase en obsolescencia desde 2022 e non hai pezas para a súa reparación. Polo tanto, non serve en absoluto para as necesidades existentes hoxe en día.

A adquisición do equipamento solicitado (citómetro de fluxo analizador e sorter) impactará significativamente tanto nas liñas de investigación e proxectos financiados dos grupos pertencentes ás áreas de Biomedicina e Nanociencia do CICA e das Facultades de Ciencias e Ciencias da Saúde, como nas posibilidades dos futuros proxectos que se vaian a desenvolver. Tamén aumentará a oferta dos SAI para usuarios externos.



A continuación preséntase o fundamento desta tecnoloxía e as súas principais aplicacións, así como a composición da plataforma de Citometría de Fluxo que se solicitou.

A citometría de fluxo é unha tecnoloxía estándar baseada en láser que se utiliza na detección e medición de características físicas e químicas de células ou partículas nunha mestura de fluídos heteroxénea. O uso da citometría de fluxo aumentou ao longo dos anos, xa que proporciona unha análise rápida de múltiples características, tanto cualitativas como cuantitativas, das células. As propiedades que poden medirse mediante este proceso inclúen o tamaño de partícula, a granularidade ou complexidade interna e a intensidade de fluorescencia. Estas características determínanse mediante un sistema de axuste óptico-electrónico que detecta as células baseándose no láser dispersado polas células.

Esta plataforma será instalada na Unidade e Bioloxía Molecular (UBM) dos SAI e a súa configuración inclúe equipos de última xeración con prestacións de gama alta co fin de cubrir as necesidades dos distintos grupos de investigación, e de que os SAI poidan facer unha oferta atractiva para usuarios externos. Destaca a nova tecnoloxía espectral e, ademais como singularidade, a capacidade de analizar e cuantificar os datos de imaxe tanto morfolóxicos como de fluorescencia en tempo real e de separar células de acordo a estes parámetros e/ou en conxunción con parámetros de citometría espectral.

### 1. Citómetro de fluxo analizador.

O sistema inclúe o citómetro de fluxo (3 láseres e 12 cores), o cargador universal e a estación de traballo que executa o software, todo nun aparello compacto. A configuración é 12 cores/3 láseres (azul, vermello, violeta) (4-3-5); ten un detector de fotodiodo; control de velocidade de fluxo da mostra de alta sensibilidade; e a resolución permite a separación de esferas de 0,2  $\mu\text{m}$  do ruído.

### 2. Sorter

Tecnoloxía espectral e de imaxe que permite combinar datos de citometría de fluxo con análise espacial e morfolóxica. O Módulo de Imaxe permite separar e clasificar por parámetros morfolóxicos. É unha tecnoloxía que produce imaxes sen cámara, cos compoñentes electrónicos e ópticos do citómetro de fluxo.

### Actuación 2: Analizador elemental para a determinación de CHNS e O (EQC2024-008621-P)

Neste proxecto propónse a adquisición dun analizador elemental para a determinación de C, H, N, S e O, que se situaría na Unidade de Técnicas Instrumentais de Análises (UTIA) dos SAI. Este equipamento permitiría substituír o analizador elemental existente, modelo Flash1112 (CE Instruments), que posúe unha antigüidade de 24 anos e que, desde a súa posta en marcha no ano 2000 até hoxe, estivo traballando a pleno rendemento e soportando unha importante carga de traballo. Actualmente, este equipo está catalogado polo fabricante como obsoleto, o que



supón unha limitada dispoñibilidade de subministracións para a reparación de eventuais avarías. Isto é un importante condicionante á hora de garantir a dispoñibilidade, o rendemento e a produtividade do equipo, que é esencial para manter o servizo de análise elemental en funcionamento.

A adquisición deste novo equipamento permitiría garantir a continuidade dun servizo consolidado, con experiencia, e que atende as demandas dun amplo espectro de investigadores, tanto da UDC como doutras universidades, de organismos públicos de investigación e empresas da contorna. A configuración proposta cobre as prestacións realizadas polo equipo que se quere substituír e permitirá tamén a análise de osíxeno, de crecente demanda por parte dos usuarios, o que posibilitará ampliar a oferta do servizo.

### Actuación 3: Unidade sensorizada de estudo vexetal - invernadoiro dixital (EQC2024-008199-P)

A actuación concedida consta dunha instalación principal consistente nun invernadoiro de tipo capela de tres módulos. Esta instalación estará equipada con sensores de última xeración que permitan a monitorización de parámetros como: humidade e humidade relativa, radiación, CO<sub>2</sub>, datos morfolóxicos, presión, etc. A xestión e análise integrada dos datos proporcionados por todos estes sensores permitirá potencialmente o desenvolvemento de sistemas de xemelgo dixital no ámbito do estudo vexetal e a actividade agrícola.

Aparte da singularidade da instalación, existe unha gran necesidade da mesma por parte dos nosos investigadores. Na UDC actualmente tan só existe un antigo e pequeno invernadoiro de apenas 40 m<sup>2</sup>, que se volveu absolutamente insuficiente para as necesidades dos grupos de investigación da propia institución. Ademais, é unha infraestrutura de uso exclusivo para os investigadores da área de Fisioloxía Vexetal. Complementariamente, na Facultade de Ciencias hai 4 cámaras de xerminación pequenas, usadas en parte para cubrir necesidades docentes. Os grupos de investigación de bioloxía e química disporían con esta infraestrutura dos medios para realizar calquera tipo de ensaio no ámbito da ecoloxía, mellora xenética, resposta das plantas ao cambio climático, e unha infinidade de aplicacións. Pero máis decisivo aínda é o campo que se abre coa colaboración entre os investigadores experimentais do ámbito de bioloxía e a química e os do ámbito da tecnoloxía informática e os datos. Estas sinerxías, son imposibles actualmente cunha infraestrutura tan escasa e obsoleta.

Máis detalladamente, o primeiro módulo do invernadoiro dividido á súa vez en 3 sectores, estará destinado ao estudo do crecemento vexetal en condicións de tensión hídrica e salinidade (sector 2), ao estudo do efecto de diferentes concentracións de CO<sub>2</sub> no desenvolvemento vexetal (sector 3), quedando o sector 1 para uso xeral. No módulo 2, disporase dun sistema de escáner automatizado 3D dotado de sensores multiespectrais, que permitirá o fenotipado de plantas, a adquisición de datos morfolóxicos e o cálculo de índices de vexetación. O terceiro



módulo albergará dous fitotróns de tipo *walk-in*, con control de temperatura, CO<sub>2</sub>, humidade relativa e até 8 canles de luz LED, neste terceiro módulo poderanse replicar as condicións testadas nos módulos 1 e 2 pero con diferentes radiacións lumínicas. A infraestrutura complétase cun servidor que integre e analice todos os datos xerados polos sensores.

A infraestrutura será instalada nunha parcela situada no Campus de Elviña. Este campus é o mesmo no que están os centros de investigación CICA, CITEEC e CITIC, ademais das instalacións dos SAI. A infraestrutura será adscrita directamente á Unidade de Coordinación de Laboratorios dos SAI.

#### Actuación 4: Sistema de microscopía de raios X 3D de alta resolución (EQC2024-008831-P)

Esta actuación consta dun microscopio electrónico de raios X (XRM) 3D de alta resolución, con capacidade para realizar o seguimento do comportamento de materiais baixo trocos mecánicos e a temperaturas tanto positivas como negativas. Esta técnica proporciona información de alto valor científico relativa ás características estruturais internas dos materiais (estrutura de porosidade, materiais, etc.) así como da súa evolución no tempo como resultado das diversas condicións de servizo ou fabricación. Permite tamén a análise temporal (*time lapse*) a través da realización concorrente de ensaios durante a adquisición. De igual maneira, proporciona información valiosa acerca da estrutura interna de materiais biolóxicos e produtos biomédicos (con finalidade diagnóstica), o estudo e caracterización de tecnomateriais (polímeros, cerámicas, composites, etc.) ou a caracterización non destrutiva do patrimonio arqueolóxico.

O seu uso e aplicación ten, por tanto, unha clara compoñente transversal que complementa as capacidades de caracterización xa dispoñibles na Unidade de Análise Estrutural (UAE). O equipo solicitado sopórtase na demanda de investigadores activos de diversos ámbitos do coñecemento aplicado, cunha clara vocación de servizo á sociedade a través da súa intensa colaboración coa empresa. Estes investigadores están principalmente adscritos ao CICA e o CITEEC.

### 3. Innovación educativa e dixitalización da I+D+i

#### 3a. SIGMA ACADEMIC

O programa SIGMA ACADEMIC constitúe una solución integral para a xestión académica que toma forma mediante diversas aplicacións destinadas a optimizar e modernizar os procesos universitarios. A implementación da ferramenta de xestión académica SIGMA non é sinxela debido ao alto grao de complexidade, a necesidade de asegurar un cambio de sistema sen interrupcións e o gran volume de datos.

Durante o ano 2024 finalizouse a implementación en todos os programas de mestrado da UDC e fíxose un despregamento nos graos da Facultade de Filoloxía, a nivel piloto. Isto incluíu as seguintes actuacións:





- Tarefas de mantemento xeral dos sistemas xa implementados, melloras correctivas e adaptativas, actualizacións tecnolóxicas e de seguridade e prestación de servizo de administración do sistema, aseguramento da conectividade, rendimento e mantemento de *backups* e servizo na nube.
- Implantación do sistema SIGMA para os estudos de mestrado universitario de forma integral e completa, incluíndo a configuración básica, carga de datos e soporte durante o despliegue e posteriores actuacións técnicas.
- Implantación do sistema SIGMA para a xestión de graos, iniciando un proxecto piloto para os graos da Facultade de Filoloxía, cun enfoque novamente integral e completo, en igualdade de condicións á implantación do sistema para os mestrados.
- Leváronse a cabo adaptacións e melloras, así como un estudo de *gaps* (discrepancias de procedementos entre SIGMA e UDC). Neste apartado incluíronse traballos de exportación de datos de *Moodle* para os estudos de mestrado, pavimentouse o camiño para a implantación de SIGMA aplicada a programas de formación permanente, inicio dos traballos para a integración co proxecto CERTDIGITAL, o intercambio de datos entre títulos conxuntos e a implantación das Guías docentes (GADU) en SIGMA.
- Realizouse un investimento en *hardware* de soporte (servidor e cliente) e a compra de licenzas de *software* complementario ao sistema SIGMA.

Compre a implementación en todos os graos da UDC neste ano 2025. Este é o obxectivo máis relevante e ambicioso, xa que o número de expedientes involucrados, tanto de nova matrícula como de continuación, é enorme. A experiencia cos graos da Facultade de Filoloxía mostra que os procesos de xestión en alumnado de primeira matrícula están moi depurados, pero no caso de continuacións, existen especificidades por centros e titulacións (diversos tipos de prácticas que implican seguros, como por exemplo, as dos estudantes de Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas) que fan que o proceso non poida ser totalmente automático.

Para o ano 2025 estruturaranse os traballos en dúas liñas complementarias:

- En primeiro lugar, prevese a continuación da implantación (actualmente na súa IV fase), configuración e posta en marcha da aplicación nos estudos de grao. Esta fase implica a inclusión de novas funcionalidades incrementais específicas para adaptar a plataforma ás necesidades da UDC, iniciando coa configuración inicial do sistema, a carga de datos básicos e expedientes vixentes, e o soporte en produción para asegurar unha transición fluída. Asemade, desenvolveranse estudos *gap* orientados a identificar e corrixir posibles deficiencias, o que permite optimizar a operatividade e funcionalidade do sistema.

- Paralelamente contéplase a execución dun conxunto de tarefas orientadas ao mantemento e a mellora continua da plataforma. Neste ámbito inclúense actividades de mantemento integral que abarca aspectos correctivos, preventivos, legais e adaptativos, así como o desenvolvemento de novas melloras cualitativas





aprobadas polos órganos consultivos, o que posibilita a actualización tecnolóxica constante do sistema. Tamén se planea a elaboración e actualización da documentación técnica, a resolución de consultas e a prestación de soporte técnico por parte de SIGMA, integrando na modalidade *SaaS (Software as a Service)* o aloxamento, a administración do sistema, o aseguramento da conectividade, o rendemento e a seguridade mediante políticas de *backup* e monitorización na nube.

Tamén está previsto continuar, cunha visión transversal do sistema, os traballos iniciados no ano 2024 e afrontar novas implementacións previstas no itinerario de transición e adecuación do sistema SIGMA ás peculiaridades normativas de aplicación na UDC. Exemplos coma as adaptacións necesarias de SIGMA para a xestión das normas de permanencia, emisións de certificados a profesorado (docencia, tribunais, dirección de traballos académicos...) estudantes de mobilidade, informes e enquisas docentes, xestión dos seguros en matrícula de estudantes estranxeiros extracomunitarios, adaptacións para a emisión de títulos e SET, entre outras.

Esta planificación fai que sexa necesaria a participación dos técnicos de SIGMA para adecuar o software á nosa problemática, o que require os fondos que se están a solicitar.

SIGMA Gestión Universitaria (V61213641) é unha agrupación de interese económico sen ánimo de lucro e participada pola Universidade da Coruña, habilitando o emprego de fórmulas xurídicas de contratación a medios propios para a consecución dos obxectivos previamente explicitados.

### 3b Automatización de procesos internos de xestión

Os traballos desenvolvidos no área da dixitalización da I+D+i xa están a demostrar ser dunha grande utilidade na simplificación dos procesos e na súa transparencia e trazabilidade. No ano 2024 púxose en marcha o [Portal da Investigación da UDC](#), unha plataforma froito da colaboración interdepartamental e interdisciplinaria (Servizo de Biblioteca, Servizo de Informática e Comunicación e o Servizo de Investigación da UDC) que se alimenta de maneira automática e contén a totalidade da información sobre a produción científica dos investigadores da UDC. Este caso de éxito conceptual e funcional, consolida a importancia e exemplifica os beneficios dos traballos en busca da simplificación administrativa a través das novas tecnoloxías.

Continuando co obxectivo de mellorar o desempeño do persoal da Universidade para investilo na xestión e execución de tarefas de alto valor engadido, estase a traballar na optimización e automatización do proceso de xestión da I+D+i, incluíndo a xestión de datos e indicadores en conxunción co *know-how* proporcionado polo persoal da AXD. En paralelo, búscase tamén mellorar a explotación dos devanditos datos, por medio da creación dunha plataforma informática que permita o acceso a datos en tempo real, asistida por ferramentas de intelixencia artificial xenerativa.



Durante o ano 2025 espérase contar cun conxunto de *dashboards* referidos á actividade de investigación dos centros que coordinarase co Portal da Investigación e que pode servir para a súa avaliación. A medio prazo, este sistema podería substituír ás memorias anuais que require a SXU, xa que tanto os *dashboards* como a información de respaldo estará o dispor da SXU.

### 3.c Apoio a graos e mestrados de excelencia

A UDC ten recoñecidos os seguintes graos e mestrados de excelencia:

GRAO/MESTRADO	COORDINADOR	TIPO	2025	2026
Grao Enxeñaría Informática	Javier Parapar López	Grao	60.000,00 €	60.000,00 €
Grao Fisioterapia	Asenet López García	Grao	60.000,00 €	60.000,00 €
MU Bioloxía Molecular, Celular e Xenética	Esther Rodríguez Belmonte	Mestrado UDC	25.000,00 €	25.000,00 €
MU Enxeñaría Informática	Enrique Fernández Blanco	Mestrado UDC	25.000,00 €	25.000,00 €
MU Bioinformática para CC. da Saúde	Noelia Sánchez Maroño	Mestrado UDC	25.000,00 €	25.000,00 €
MU Biotecnoloxía Avanzada	Manuel Becerra	Interuniversitario	12.500,00 €	12.500,00 €
MU Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	Soledad Muniategui	Mestrado UDC	25.000,00 €	25.000,00 €
MU Matemática Industrial	Íñigo Arregui	Interuniversitario	8.350,00 €	8.350,00 €
MU Computación en Altas Prestacións	Jorge González Domínguez	Interuniversitario	12.500,00 €	12.500,00 €
MU en Producción Xornalística e Audiovisual	María José Arrojo	Mestrado UDC	25.000,00 €	25.000,00 €
MU en Dirección e Administración de Empresas	María Carmen Gago Cortés	Mestrado UDC	-	25.000,00 €
			<b>278.350,00 €</b>	<b>303.350,00 €</b>

Incluirase neste convenio un apartado económico que recolla as aportacións finalistas para o impulso desde graos e mestrados.

## 4. Fortalecemento e proxección institucional en materia de I+D+i

### 4a. Adecuación técnica e acreditación en ámbitos especializados da I+D+i

Os laboratorios, unidades e centros de investigación requiren acreditacións en certas normas de calidade (ISO 9001, ISO 17025...), software e postas a punto para o seu funcionamento de acordo cos estándares requiridos para respaldar e verificar a validez dos datos e resultados e asegurando así a súa solvencia técnica.

Concretamente, en materia de *software*, os SAI, que prestan servizo a toda a comunidade universitaria, requiren mellorar o seu sistema *LIMS* (*Laboratory Information Management System*) especializado. O sistema, denominado NEOSAI, controla a recepción de mostras, procesos de ensaios, emisión de informes, obtención de datos estatísticos, xestión de queixas e suxestións, almacéns, equipamento e facturación de todo o servizo e require actuacións e melloras en áreas de automatización de procesos técnicos, adquisición de novos módulos (módulo de compras, módulo de conexión equipo instrumental-LIMS) para acadar unha



integración o mais completa posible, liberando así valioso tempo do persoal investigador e técnico tanto pola liberación de carga de traballo de baixo valor engadido como pola redución de tempos de espera para os usuarios.

En materia de capacitación é tamén indispensable manter un equipo humano de técnicos formados no uso do equipamento especializado. Non se albisca a necesidade de novo persoal a curto prazo, pero pode ser necesario apoio externo mediante consultarías ou sesións formativas.

Nesta liña, búscase tamén potenciar a presenza da UDC nas plataformas de investigación e foros máis relevantes a nivel nacional e internacional, incluíndo xornadas, cursos e seminarios formativos tanto para o persoal técnico, investigador e de xestión, tratando de incrementar a calidade e alcance das tarefas do persoal da UDC por medio de formación continua.

#### 4b. Promoción, comunicación e divulgación da I+D+i

Finalmente, búscase incrementar a notabilidade da propia institución a nivel nacional e a súa proxección internacional. Estanse a deseñar accións de comunicación, promoción e divulgación específico da I+D+i desenvolvida na UDC, para dar resposta á crecente necesidade de estruturar e racionalizar a información no referido á investigación e a transferencia do coñecemento.

As accións neste eido non só permitirán o intercambio de coñecementos e metodoloxías, tamén contribuirán a mellorar o entendemento da información e impulsará o posicionamento da Universidade no mapa nacional e internacional da I+D+i, tanto pola contribución a diseminación da labor investigadora da universidade como pola incidencia directa na mellora da calidade da mesma:

Para acadar estes obxectivos:

- Creación de espazos radiofónicos e audiovisuais en medios de comunicación: desenvolveranse programas e seccións especializadas en diferentes emisoras de radio e plataformas dixitais nos que se presentarán proxectos de investigación en curso, con especial énfase na súa aplicabilidade social e impacto. Buscarase que estes espazos teñan unha periodicidade estable e estarán deseñados para achegar á sociedade os principais retos científicos abordados na UDC. Ademais, optimizarase a súa difusión mediante a súa adaptación a formatos dixitais para redes sociais, *podcasts* e outras canles en liña, ampliando así o seu alcance e impacto.

- Organización de encontros estratéxicos con medios de comunicación: celebraranse reunións con xornalistas e profesionais da comunicación científica para compartir fitos relevantes e avances en proxectos destacados. Estes encontros permitirán fortalecer a relación entre a comunidade investigadora e os medios, facilitando a cobertura en medios da produción científica da UDC e garantindo unha difusión efectiva, clara e accesible dos resultados obtidos.



- Ampliación da presenza de investigadores e investigadoras en *The Conversation*: impulsarase a participación activa do persoal investigador da UDC nesta prestixiosa plataforma de divulgación científica, favorecendo a publicación de artigos divulgativos en diferentes ámbitos do coñecemento. Ademais, exploraranse oportunidades para incrementar a visibilidade internacional a través de colaboracións con edicións en distintos idiomas, contribuíndo así á proxección global da investigación xerada na universidade.

- Uso de novas ferramentas de difusión científica: implementaranse estratexias para mellorar a presenza da UDC en plataformas especializadas de noticias científicas de referencia en Europa e a nivel internacional. Esta iniciativa permitirá aumentar a visibilidade dos avances en I+D+i da institución en medios especializados e xornais dixitais, facilitando a chegada da información a novos públicos

Mediante o desenvolvemento das citadas accións, a UDC tentará consolidar a súa posición como un referente na comunicación científica e na transferencia do coñecemento, reforzando o seu impacto tanto no contexto académico como na sociedade en xeral.

Informarase das actividades de promoción, comunicación e divulgación da I+D+i á Secretaría Xeral de Universidades e incluírse a debida publicidade da Xunta de Galicia. Ademais, no seu caso e coa finalidade de aumentar a visibilidade e difusión destas actividades cando sexa procedente, cursarase convite a participar a representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

### TERCEIRA.- **Obrigas**

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola UDC para impulsar as accións descritas neste convenio.

A UDC comprométese a desenvolver as accións descritas así como facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a reflectir o logotipo da Xunta de Galicia nun lugar destacado de tódolos bens, produtos, servizos, actos, documentación, materiais de difusión etc., tanto físicos como virtuais, financiados total ou parcialmente con cargo ao presente convenio. Informarase das actividades de promoción, comunicación e divulgación da I+D+i á Secretaría Xeral de Universidades e incluírse a debida publicidade da Xunta



de Galicia. Ademais, no seu caso, e coa finalidade de aumentar a visibilidade e difusión destas actividades cando sexa procedente, cursarase convite a participar a representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. O incumprimento do deber de adoptar estas medidas de difusión e publicidade será causa de reintegro do importe da actuación.

A universidade tamén se compromete a facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco de seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

A UDC comprométese a someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Así mesmo, a UDC comprométese a cumprir calquera outra obriga establecida no artigo 40 do Regulamento da *Lei 9/2007, de subvencións de Galicia*, en relación co artigo 11 da citada Lei.

De conformidade co artigo 31.7 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.





No que se refire ao equipamento científico-técnico financiado totalmente ou parcialmente ao abeiro deste convenio, a UDC comprométese a:

- Compartir un mínimo de 10h/semana o equipamento científico-técnico deste convenio con outros centros CIGUS, colaborativos ou centros tecnolóxicos, sen coste e baixo petición.
- Posta a disposición dun técnico durante o período de compartición do equipamento para facilitar o uso deste.
- Facilitar ficha cos principais datos de compartición para a súa publicación na web habilitada para a súa compartición e autorizar a súa difusión.
- Facilitar datos de uso semestrais (propios e externos) durante un período de catro anos.

Así mesmo, a UDC comprométese a que o límite dos gastos de viaxe, aloxamento e manutención imputables a este convenio axústase aos importes establecidos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

#### CUARTA.- **Financiamento**

A dotación da Consellería para este convenio é de cinco millóns setecentos noventa e nove mil cincocentos once euros con setenta e tres céntimos (5.799.511,73 €), con cargo á aplicación orzamentaria 07.02.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).

O reparto deste importe por anualidades é o seguinte:

2025	2026	TOTAL
2.648.023,17 €	3.151.488,56 €	5.799.511,73 €



Esta cantidade de 5.799.511,73 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor, etc.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; dotación de laboratorios.
- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios, etc., así como adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de congresos.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas, etc.
- Servizo de consultaría e asesoramento externo para estudos, traballos técnicos e actividades complementarias.
- Elaboración de proxectos de obras ou reformas, contratación e execución das mesmas.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas ou no caso de que non se poidan adxudicar as obras establecidas neste convenio, poderanse incluír aqueles investimentos en equipamento científico-tecnolóxico, infraestruturas de equipamento e mobiliario de laboratorio ou pequenas reformas, previa comunicación.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada



ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social poderase substituír por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

#### QUINTA.- Xustificación e Fórmula de pagamento

Para o pagamento, a universidade achegará antes do 1 de decembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos. Os pagamentos correspondentes ás nóminas e seguridade social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto do ano seguinte. No caso da última anualidade 2026, dado que o dito prazo debe cumprir co establecido no artigo 45.5 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, o prazo de xustificación das nóminas de novembro e decembro deberá realizarse dentro da anualidade 2026. Deberase entregar folla de cálculo e pdf asinado dos gastos e dos pagamentos con exacta correspondencia entre ambos os dous documentos.
- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá desglosar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste Convenio (4), cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como



calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.

- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.
- Certificado de que o límite dos gastos de viaxe, aloxamento e manutención imputables a este convenio se axusta aos importes establecidos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Os pagamentos dos contratos de persoal correspondentes ás nóminas e á seguridade social dos meses de novembro e decembro da anualidade de 2025 poderán presentarse como xustificante de gasto da anualidade do ano 2026.

De acordo co previsto no parágrafo primeiro do artigo 31.6 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagos a conta. Os ditos pagos poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Así mesmo, de acordo co previsto no artigo 27.7 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, se concorren as seguintes circunstancias:

- 1.<sup>a</sup> Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.



2.<sup>a</sup> Que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nas bases reguladoras.

A tal efecto autorízase que:

- Os gastos relacionados coa actuación *2.a Coordinación e harmonización Centros de investigación. ii. AXD*, poida realizarse a través da Fundación da Universidade da Coruña (NIF G15597289), vinculada coa UDC.
- Os gastos relacionados coa actuación *3.a SIGMA academics*, sexan executados por SIGMA Gestión Universitaria (NIF V61213641), agrupación de interese económico sen ánimo de lucro e participada pola UDC.

#### **SEXTA.- Responsabilidade**

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

#### **SÉTIMA.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha actuará como presidente/a.
- Tres membros da Universidade da Coruña.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das



posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

#### **OITAVA.- Pagamentos a conta**

Sen prexuízo do establecido na cláusula quinta, poderá realizarse adicionalmente outro pagamento a conta anual. O pagamento a conta poderá supoñer a realización dun pagamento fraccionado que responderá ao ritmo de execución das accións subvencionadas. Este pagamento adicional ao establecido na cláusula quinta deberá cumprir dúas condicións:

- Deberá presentarse a documentación xustificativa antes do 30 de setembro.
- De conformidade co disposto no artigo 62.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia: o importe conxunto dos pagamentos a conta que no seu caso se concederan non poderán ser superiores ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederán da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Así mesmo, establécese que non poderá ser inferior ao 50% da porcentaxe subvencionada correspondente ao pagamento xustificado en cada anualidade.

O importe restante pagarase unha vez xustificada e realizada a totalidade da actividade subvencionada nese exercicio.

Para proceder ao seu pagamento a UDC deberá enviar a documentación xustificativa prevista na cláusula quinta.

A UDC está exenta da obriga de constituír garantías para os pagamentos a conta, de conformidade co disposto no artigo 65.4 c) do regulamento antes mencionado.

#### **NOVENA.- Modificación do convenio**

Consonte co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Calquera modificación que as partes acorden realizar sobre o presente convenio deberase formalizar por escrito.



Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### **DÉCIMA.- Vixencia do convenio**

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2025, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2026.

#### **UNDÉCIMA.- Extinción do convenio**

Non obstante o establecido na cláusula anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. Así mesmo, o convenio extinguirase polas causas previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En calquera destes casos, así como no caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes, procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da axudas percibida.



b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

#### **DUODÉCIMA.- Natureza do convenio**

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

As actuacións de mellora de I+D+i, estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

A tal fin asínanse convenios singulares coas outras universidades do SUG adaptados á realidade e necesidades de cada unha delas. Polo tanto, non é necesario promover a concorrencia competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



De acordo co disposto na comunicación da Comisión Europea sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1, do 28 de outubro de 2022), a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG).

Non obstante a UDC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade e Transparencia**

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UDC consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer a universidade no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que



establece a *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na *Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno*, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións* e segundo o disposto nos artigos 3.1. b) e 15 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións. Ademais, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*.

De acordo co estipulado no artigo 53 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

#### DÉCIMO CUARTA.- Protección de datos

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018), de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.



Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas se someten ao acordado en todas as estipulacións.

#### DÉCIMO QUINTA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Ricardo José Cao Abad  
Reitor da Universidade da Coruña (UDC)

